

PROCEDIMENTO SOLICITUDE DE NOVO INGRESO ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS (0-3 ANOS)	GRUPO DE IDADE	Nº EXPEDIENTE
--	----------------	---------------

DATOS DO/A NENO/NENA

APELIDOS	NOME	DATA NACEMENTO	DISCAPACIDADE <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
----------	------	----------------	---

DATOS DO PAI/ NAI, TITOR/A LEGAL OU ACOLLEDOR/A

APELIDOS	NOME		DNI/NIE
ENDEREZO	C.P	LOCALIDADE	PROVINCIA
CONCELLO DO LUGAR TRABALLO	TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	ENDEREZO ELECTRÓNICO

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR

APELIDOS E NOME (incluído/a o/a solicitante)	NIF/NIE	DATA NACEMENTO	PARENTESCO

Nº DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR

HORARIO (marcar por orde de preferencia do 1 ao 6 únicamente as opcións desexadas)

O SOLICITANTE DEBERÁ SUXEITARSE ÁS OPCIONS MARCADAS NON PODENDO VARIALAS UNHA VEZ FINALIZADO O PRAZO DE SOLICITUDE e ata o inicio do curso (de ter cabida).

<input type="checkbox"/> TOMBO: XORNADA COMPLETA CONTINUADA: das _____ ás _____ h.	COMEDOR <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
<input type="checkbox"/> TOMBO: XORNADA COMPLETA PARTIDA: das _____ ás _____ h. e das _____ ás _____ h.	
<input type="checkbox"/> TOMBO: MEDIA XORNADA DE MAÑÁ: das _____ ás _____ h.	
<input type="checkbox"/> TOMBO: MEDIA XORNADA DE TARDE: das _____ ás _____ h.	
<input type="checkbox"/> REVEL: XORNADA COMPLETA CONTINUADA: das _____ ás _____ h.	
<input type="checkbox"/> REVEL: XORNADA COMPLETA PARTIDA: das _____ ás _____ h. e das _____ ás _____ h.	
<input type="checkbox"/> REVEL: MEDIA XORNADA DE MAÑÁ: das _____ ás _____ h.	
<input type="checkbox"/> REVEL: MEDIA XORNADA DE TARDE: das _____ ás _____ h.	
Xornada Completa: de 6 a 8 h. Media xornada: 4 horas Horario ampliado: 4+1 h	

SOLICITA BONO CONCILIA

O Bono Concilia é un programa da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia que concede axudas económicas directas ás familias (en función da súa situación económico-laboral-familiar) para colaborar no pago dunha praza nunha escola infantil privada da súa elección, **cando houbera solicitado praza nunha sostida con fondos públicos e non resultara adxudicataria por falta de prazas dispoñibles.**

SI NON No caso de marcar SI presentar o Anexo III

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámolo de que os datos recollidos nesta solicitude implica a súa autorización para o tratamento e informatización dos datos persoais recollidos na mesma, así como a súa publicación nos medios establecidos coa finalidade de xestionar o procedemento de reserva de praza e admisión na Escola Infantil. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na Lei mediante un escrito dirixido á Alcaldía (Rúa Consistorio, 4-6; 36969-Sanxenxo)

DATA E SINATURA DO SOLICITANTE

Sanxenxo, _____ de _____ de 201_

SR. ALCALDE DE SANXENXO

SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR

- Número de membros que compoñen a unidade familiar incluíndo ó/a neno/a para o/a que se solicita a praza
- Número de membros que, non formando parte da unidade familiar, estean a cargo dela
- Número de membros, incluída a persoa solicitante, con enfermidade ou discapacidade
- | Tipo de enfermidade ou discapacidade | Nai | Pai | Outros membros |
|--|--------------------------|--------------------------|--------------------------|
| - Discapacidade | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| - Enfermidade crónica que requira internamento periódico | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| - Alcoholismo ou drogodependencias | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
- Condición de familia monoparental SI NON
- Ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais SI NON
- Condición de familia numerosa SI NON
- Condición de fillo/a de persoal do centro SI NON
- Neno/a para o quen se solicita praza nacido/a en parto múltiple SI NON
- Irmá/n con praza renovada ou de novo ingreso no centro para o vindeiro curso
- | Nome do/a neno/a | Centro ó que asiste |
|----------------------|----------------------|
| <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> |
- Calquera outra circunstancia familiar debidamente acreditada

SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR

- | | Nai | Pai |
|--|--------------------------|--------------------------|
| Ocupación laboral | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| Desemprego | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| (Baremarase a condición de desemprego coa certificación de demanda de emprego con efectos como mínimo do día anterior á apertura de prazo desda convocatoria de solicitude, é dicir, do 20/3/2017) | | |
| Beneficiario/a do tramo de inserción (Risga) | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |
| Outras situacións | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

A persoa solicitante ou representante:

Declara que todos os datos contidos nesta solicitude ou nos documentos que se achegan son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA (marcar cun X)

- Impreso de solicitude de novo ingreso.
- Anexo I (so presentar no caso de solicitar a axuda de Bono Concilia da Xunta de Galicia)

Documentación acreditativa da situación familiar:

- Fotocopia simple do DNI ou doutro documento acreditativo da identidade das/os nais/pais, titores/as legais ou acolletores/as segundo proceda.
- Fotocopia cotexada do libro de familia completo ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.
- Certificado de convivencia do/a neno/a no que apareza ao menos un dos proxenitores ou representantes legais expedido polo Concello de Sanxenxo. Nos casos de non estar censado no Concello de Sanxenxo, pero algún dos proxenitores ou representante legal do/a neno/a teña o seu posto de traballo neste municipio, achegárase o certificado de empresa ou da institución correspondente. No caso de estar censado nun concello limítrofe, presentárase o certificado de convivencia do concello de que procede.
- Fotocopia cotexada do título de familia numerosa de ser o caso.
- No caso de nenas/os con necesidades específicas de apoio educativo, informe do equipo de valoración e orientación das xefaturas territoriais da consellería correspondente ou servizos especializados de atención temperá.

- Certificado correspondente no caso de que algún membro da unidade familiar estea afectado de discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou enfermidade que requira de internamento periódico ou padeza enfermidades crónicas, alcoholismo ou drogodependencia.
- As responsabilidades familiares, no caso de que existan membros que, non formando parte da unidade familiar, estean a cargo dela, acreditaranse mediante declaración do IRPF ou, no seu defecto, certificado emitido pola AEAT que avale a súa non presentación e imputacións do IRPF.
Valorarase tal condición sempre que convivan no mesmo domicilio e teñan ingresos inferiores ó IPREM vixente.
- Certificado de convivencia e sentenza de separación ou divorcio, convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais no caso de familia monoparental ou naquelas en que o neno/a conviva cunha soa persoa proxenitora. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar formada por un único proxenitor/a que non conviva con outra persoa coa cal manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor/a non contribua economicamente ao seu sustento.
- A ausencia do fogar familiar de ambos/as os dous membros parentais xustificarase mediante o documento que acredite oficialmente a situación familiar.
- Acreditación a través do informe de Servizos Sociais municipais de calquer outra circunstancia familiar, económica e ou social grave susceptible de ser baremada.
- Certificado acreditativo da coordinadora das EIM no caso de contar cun irmán/a nalgunha de ditas escolas ou de tratarse de fillo/a do persoal que presta servizo nelas.
- Calquera outra documentación acreditativa doutras circunstancias familiares tales como familia acollidora, abandono do fogar do cónxuxe, malos tratos, violencia de xénero....

Documentación acreditativa da situación laboral

- No caso de traballadores/as por conta allea: fotocopia da última nómina, certificación de empresa ou certificado de vida laboral.
No caso de traballadores/as autónomos/as: fotocopia do último recibo do pagamento da cota á Seguridade Social no réxime especial de traballadores por conta propia ou da correspondente mutualidade.
- No caso de cursar estudos oficiais e presenciais, certificación que acredite tal situación.
- No caso de persoas desempregadas certificación de ser demandante de emprego (con efectos como mínimo do día anterior á apertura de prazo desda convocatoria de solicitude de reserva de praza e de novo ingreso, é dicir, antes do 20/3/2017)
- Documentación acreditativa de ser perceptor/a da Renta de Integración Social de Galicia (RISGA) de ser o caso.

Documentación acreditativa da situación económica

- Copia cotexada da declaración do IRPF correspondente ó exercicio 2015 de tódolos membros da unidade familiar ou, no seu defecto, certificado emitido pola AEAT que avale a súa non presentación e imputacións do IRPF.
Nos casos de nulidade matrimonial, separación ou divorcio considerase a renda de quen exerza a garda e custodia do/a neno/a e as pensións compensatorias que perciba o cónxuxe que a ostente e de alimentos dos fillo/as ao seu cargo. No caso de non as percibiren, acreditarase esta circunstancia coa copia da reclamación xudicial presentada ao efecto.
- Cando se produzan variacións de ingresos que supoñan unha diminución ou incremento de máis do 30% no cómputo anual fronte aos que figuren na declaración do IRPF correspondente ao ano 2015, poderán presentarse outros documentos que acrediten oficialmente a situación económica.

NOTA INFORMATIVA:

Entenderase a estos efectos por unidade familiar a formada polos/as cónxuxes, parellas de feito ou de análoga relación non separados/as legalmente e:

- Os/as fillos/as menores de 18 anos, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais vivan independentes destes.
- Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados/as xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os/as fillos/as maiores de 18 anos cun grado de discapacidade superior ao 33%.

ORDE DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

As prazas adxudicaranse pola seguinte orde:

1º) Nenos/as con praza no curso 2016-2017 nas escolas infantís municipais.

2º) Nenos/as cun/cunha irmá/n con praza (renovada ou de novo ingreso) para o curso 2017-2018 nas escolas infantís municipais e os/as **fillos/as dos traballadores** das mesmas.

3º) Nenos/as empadroados no concello de Sanxenxo.

No caso de quedar prazas vacantes, adxudicaranse na seguinte orde:

4º) Nenos/as de pais, nais ou titores que, estando empadronados noutro concello, teñan os seus **postos de traballo** no municipio de **Sanxenxo**.

5º) Nenos/as empadroados en concellos limítrofes.

BAREMO curso 2017-2018

1. SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR:

1.1. Por cada membro da unidade familiar	2 puntos
1.2. Por cada persoa que non formando parte da unidade familiar estea ao cargo	1 punto
1.3. No caso de que o/a neno/a para o que se solicita a plaza nacera nun parto múltiple	1 punto
1.4. Por cada membro da unidade familiar afectado por discapacidade, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia	2 puntos
1.5. Pola condición de familia monoparental	3 puntos
1.6. Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais	6 puntos
1.7. Pola condición de familia numerosa	3 puntos
1.8. Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas	ata 3 puntos

2. SITUACIÓN LABORAL-FAMILIAR

2.1. Situación laboral de ocupación:

Nai	7 puntos
Pai	7 puntos

2.2. Situación laboral de desemprego (1)

Nai	2 puntos
Pai	2 puntos

2.3. Persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción (RISGA)

Nai	3 puntos
Pai	3 puntos

(1) Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos como mínimo do día anterior á apertura de prazo desda convocatoria de solicitude de reserva de praza e de novo ingreso, é dicir, antes do 20/3/2017.

- No caso de familias monoparentais ou daquelas en que o neno/a conviva cunha soa persoa proxenitora adxudicaráselle a puntuación da epígrafe correspondente computado por dous.

- Só se poderá obter puntuación por unha das epígrafes anteriores.

3. SITUACIÓN ECONÓMICA

Renta per cápita (R.P.C.) mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente.

- Inferior ao 30% do IPREM	+ 4 puntos
- Entre o 30% e inferior ao 50% do IPREM	+ 3 puntos
- Entre o 50% e inferior ao 75% do IPREM	+ 2 puntos
- Entre o 75% e inferior ao 100% do IPREM	+ 1 puntos
- Entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM	- 1 punto

- Entre o 125% e inferior ao 150% do IPREM - 2 puntos
- Entre o 150% e o 200% do IPREM..... - 3 puntos
- Superior ao 200% do IPREM..... - 4 puntos

• No caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes coa renda per cápita máis baixa e despois as de xornada completa con servizo de comedor sobre as solicitudes de media xornada.

• No caso de ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais adxudicarase a puntuación máxima nas epígrafes 2º e 3º do baremo.

• No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar

INFORMACIÓN

PARA CALQUER INFORMACIÓN DIRÍXASE ÁS DIRECTORAS DAS ESCOLAS INFANTÍS

Escola Infantil Municipal O TOMBO Teléfono 986 72 04 03

Escola Infantil Municipal O REVEL Teléfono 986 74 48 52

INFORMACIÓN SOBRE O BONO CONCILIA

O alumnado integrante da lista de espera que opte ao programa do Bono Concilia será excluído desta ao concedérselle esta axuda, aínda no caso de que renuncie á dita axuda, agás no suposto de que no momento da tramitación da concesión do bono se produzan vacantes nalgún dos centros solicitados.

ANEXO III

(So presentar no caso de optar á axuda de **BONO CONCILIA** da Xunta de Galicia)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ANEXO III

(Cubrirase só no caso de optar á axuda de Bono Concilia)

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE			
<input type="radio"/> NAI	<input type="radio"/> PAI	<input type="radio"/> ACOLLEDOR/A	<input type="radio"/> TITOR/A LEGAL

DATOS DA NENA OU DO NENO

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DATA DE NACEMENTO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

Como solicitante da axuda do programa Bono Concilia en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos.

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo fin das administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados.
- Solicitou e/ou concedéronlle outras axudas para este mesmo fin, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

2. Que, en relación coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social:

Estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

Estar ao día nas súas obrigas tributarias, coa Comunidade Autónoma e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Así mesmo, comprométese a manter o cumprimento deste requisitos durante o período de tempo en que perciba esta subvención e a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data , de de